

O **aparato locomotor** sérvenos para mover o corpo e ir dun lado a outro. O **aparato locomotor** está foprmado polos ósos e os músculos.

Os músculos estíranse e encóllense para producir o movemento.

Temos máis de 600 músculos que están entre a pel e os ósos.

Temos **músculos voluntarios** como os que estou utilizando para falar e que se moven porque eu quero.

Os músculos están unidos aos ósos polos tendóns.

Temos outros músculos que son **involuntarios** como os que fan que poida respirar constantemente sen que eu o mande.



MÚSCULOS

deltoide

peitoral

biceps

glútes

abdominais

axelmeigos



Temos 206 ósos no noso corpo.

Os ósos dan forma ao noso corpo e permiten que poidamos correr e saltar.

Están unidos entre eles polas articulacións.



ESQUELETO

crânio

esterno

úmero

coluna
vertebral

pelve

fêmur

peroné

clavícula


costelas

cúbito

radio

falanges da
man

tibia



Tes que ver este vídeo de internet sobre o APARATO LOCOMOTOR

<https://www.youtube.com/watch?v=5SytABu6lKY>

Hai en internet un xogo para aprendermos os nomes dos ósos. Faino varias veces e mira a ver se o fas en menos tempo cada vez. Mira o cronómetro que ten. Está aqui:

<https://cienciasnaturales.didactalia.net/recurso/esqueleto-humano-de-frente-primaria/b178291b-747b-41e2-a0ea-16ae0f47d21c>

Tamén podes xogar para aprender nomes de músculos da parte dianteira do corpo: <https://cienciasnaturales.didactalia.net/gl/recurso/musculos-do-corpo-vista-de-frente-primaria/492e4ed1-eb67-4098-80b5-3b98647ac5e0>

e da parte de atrás:

<https://cienciasnaturales.didactalia.net/gl/recurso/musculos-do-corpo-vista-dorsal-primaria/56a55a63-c2ef-498b-b727-5b20d3777651>

